

27, 28 e 29 de setembro de 2018

CARTAS DA GUERRA



Dirección: Ivo Ferreira

Intérpretes: Miguel Nunes e Margarida Vila-Nova
Portugal. 2016 - 105 min (VOS en castelán)

Formato: Blu-ray

NON RECOMENDADA PARA MENORES DE 16 ANOS

* FESTIVAL DE BERLÍN 2016: SECCIÓN OFICIAL LONGAMETRAXES A CONCURSO

* PREMIOS FÉNIX 2016: NOMEADA Á MELLOR FOTOGRAFÍA

* PREMIOS PLATINO 2017: NOMEADA Á MELLOR FOTOGRAFÍA, SON E DIRECCIÓN ARTÍSTICA

Cartas da Guerra está baseada nun libro do renombrado autor portugués António Lobo Antunes. A novela epistolar, publicada en 2005, reúne as cartas que un novo soldado enviou á súa muller desde Angola entre 1971 e 1973, durante a Guerra Colonial. Do mesmo xeito que o propio Lobo Antunes, o novo soldado é médico e escritor.

HORARIOS: xoves ás 20.15 h; venres ás 20.15 h e sábados ás 17.15 e 20.15 h

* Agás o xoves 27, o ciclo "*Os ollos abertos*" proxectarase ás 19:00 h

* *Pídese puntualidade; unha vez comezada a proxección non se permitirá o acceso á sala.*

ENTRADAS: 3,00 €

(Carné xove, +65 anos ou persoas desempregadas: 2,00 €)

* *É imprescindible presentar o documento que acredite o desconto no momento de comprar a entrada.*

SESIÓNS DO/A ESPECTADOR/A: sábados 17.15 h

PREZO ÚNICO: 1,50 €

ABONO DE 5 PELÍCULAS: 12,00 €

VENDA NO DESPACHO DE BILLETES: media hora antes de cada función (só se quedan entradas disponibles)

VENDA ANTICIPADA: na conserxaría, de luns a venres, de 9.00 a 14.00 e de 16.00 a 20.00 h; sábados de 10.00 a 13.00 h

FORUM METROPOLITANO

SALA MARILYN MONROE

ESTREAS EN V.O

6, 7 e 8 de setembro de 2018

STARRED UP (CONVICTO)



Dirección: David Mackenzie

Con: Jack O'Connell e Ben Mendelsohn

Reino Unido, 2013 - 100 min (VOS en castelán)

Formato: DVD

NON RECOMENDADA PARA MENORES DE 18 ANOS

* PREMIOS DO CINE EUROPEO 2014: MELLOR DESEÑO DE SON

* NATIONAL BOARD OF REVIEW 2014: ACTOR REVELACIÓN (O'CONNELL). PEL. INDEPENDENTES DO ANO

* ASOCIACIÓN DE CRÍTICOS DE CHICAGO 2014: MELLOR INTÉRPRETE REVELACIÓN (JACK O'CONNELL)

* BRITISH INDEPENDENT FILM AWARDS (BIFA) 2013: MELLOR ACTOR SEC. (MENDELSONN). 6 NOME.

Eric Love é un adolescente problemático que foi transferido de forma prematura dun instituto de mocidade delincuente a unha prisión para adultos.

Na primeira secuencia do novo longo de David Mackenzie, Eric, o adolescente interpretado por un sensacional Jack O'Connell, ingresa no cárcere obedecendo en silencio as ordes dos gardas. Esta é a historia dun fracaso: o dun sistema penal corrupto que non só é incapaz de crer na reinserción, senón que mesmo lle pon a cambadela a aqueles que loitan por dignificar o concepto.

Tras ese mutismo inicial, escóndese a encarnación da ira reprimida, a historia dun violento rebelde porque o mundo o fixo así, unha bomba de acio que non tardará en estalar unha e outra vez. O filme expón, con todo, a posibilidade de redimir a Eric. No cárcere, e coincide co seu pai (Ben Mendelsohn), disposto a exercer o seu rol tras anos de atraso, e cun grupo de terapia que promete converter o seu silencio e os seus golpes en palabras. Obxectivo inviable cando o correccional e os seus peóns non entenden que a súa misión é corrixir, e non só castigar.

POR GERARD A.CASSADÓ (FOTOGRAMAS ****)

* *Sesión inaugural de tempada: xoves 6 de setembro*

Entrada con convite

(recoller desde media hora antes no despacho de billetes)



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña



CORUÑA
>PRÓXIMA

13, 14 e 15 de setembro de 2018

L'INSULTE (O INSULTO)



Dirección: Ziad Doueiri

Intérpretes: Kamel El Basha e Brant Daugherty
Libano - Francia, 2017 - 110 min (VOS en castelán)

Formato: Blu-ray

NO RECOMENDADA PARA MENORES DE 12 ANOS

* PREMIOS ÓSCAR 2017: NOMEAMENTO Á MELLOR PELÍCULA DE FALA NON INGLESA

* FESTIVAL DE VENEZIA 2017: MELLOR ACTOR (KAMEL EL BASHA)

* SEMINCI DE VALLADOLID 2017: PREMIO DO PÚBLICO

* PREMIOS DAVID DI DONATELLO 2017: NOMEAMENTOS AO MELLOR FILM ESTRANXEIRO

Toni, cristián libanés, rega as plantas do seu balcón. Unha pouca auga derrámase accidentalmente na cabeza de Yasser, palestino e capataz dunha obra. Entón estala unha pelexa. Yasser, furioso, insulta a Toni. El, ferido no seu orgullo, decide levar o asunto ante a xustiza. Comeza así un longo proceso en que o conflito tomará unha dimensión nacional, enfrontando a palestinos e cristiáns libaneses.

20, 21 e 22 de setembro de 2018

JUSQU'À LA GARDE (CUSTODIA COMPARTIDA)



Dirección: Xavier Legrand

Intérpretes: Léa Drucker y Denis Menochet
Francia, 2017 - 90 min (VOS en castelán)

Formato: Blu-ray

NON RECOMENDADA PARA MENORES DE 12 ANOS

* FESTIVAL DE VENEZIA 2017: MELLOR DIRECTOR E MELLOR ÓPERA PRIMA

* FESTIVAL DE SAN SEBASTIÁN 2017: PREMIO DO PÚBLICO O MELLOR FILM EUROPEO

Myriam e Antoine Besson divorciáronse e ela solicita a custodia exclusiva do seu fillo Julien para protexelo dun pai ao que acusa de violento. Antoine defende o seu caso como un pai desprezado e a xuíza do caso sentencia a favor da custodia compartida. Refén do crecente conflito entre seus pais, o mozo Julien vese empurrado ao límite.

24, 25, 26 e 27 de setembro de 2018

CICLO "OS OLLOS ABERTOS"



- Luns 24

ALMA MATER, de Philippe Van Leeuw

- Martes 25

69 MINUTES OF 86 DAYS, de Egil Håskjold
Larsen + **TOUT LE MONDE AIME LE BORD DE LA MER**, de Keina Espiñeira

- Mércores 26

FUOCOAMMARE, de Gianfranco Rosi

- Xoves 27

MEDITERRÁNEA, de Jonas Carpignano

* Todas as proxeccións serán en **DVD- VOSE**.

* Ao finalizar cada pase, haberá un pequeno **coloquio con persoas convidadas** especializadas e se afondarase sobre a temática proposta polo filme.

* A entrada ao ciclo "**Os ollos abertos**" será libre até completar a capacidade.

* Organizado pola **ONG A.I.R.E** e coordinado polo xestor cultural **Javier Trigales**.

HORARIO DAS PROXECCIÓNS:

19.00 H